

Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática
Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela - Ano 2010

Programa de Valoración da Redución de Prazos e das Ofertas Económicas en Contratos e Concursos

A nova versión do Programa de Valoración de Ofertas Económicas en Contratos e Concursos permite tamén determinar, se así se desexa, as puntuacións obtidas no caso de reducir o prazo de execución da obra, asignar as valoracións técnicas outorgadas pola comisión correspondente e calcular as puntuacións das diferentes ofertas presentadas en función das súas baixas porcentuais respecto do prezo de licitación, detectando, no seu caso, as baixas temerarias (incluíndo a opción de utilizar a modificación extraordinaria aprobada no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001). Para simplificar a tarefa, o sistema guiarao perante todo o proceso. Siga as instrucións.

Paso 1: Datos xerais da Licitación

Neste primeiro paso deberá introducir o nome do contrato ou concurso (apartado **a**), o prezo de licitación (**b**), a puntuación máxima da valoración económica (**c**) definida na convocatoria ou no prego de condicións, unha casíña que se activará se se desexa valorar a redución no prazo de execución da obra (**d**) (en tal caso hai que especificar o prazo de execución previsto, **en días naturais**, a continuación), unha casíña que se activará se se quere avaliar as ofertas temerarias (**e**) segundo o caso excepcional aprobado no apartado 5 do artigo 85 do RD 1098/2001 e, finalmente, iranse engadindo, unha a unha, as empresas que concorren ao concurso ou contrato (**f**). Se un dos campos está en branco, o sistema non lle permitirá seguir adiante.

a. Introduza o nome do contrato ou concurso	<input type="text" value="OBRAS PLAN 2001 - CONCELLO DE ZZ"/>
b. Introduza o prezo de licitación	<input type="text" value="450000.0"/> €
c. Introduza a puntuación máxima da valoración económica	<input type="text" value="20.0"/>
d. Valorar redución de prazos?	<input checked="" type="checkbox"/> Prazo execución da obra (días naturais) <input type="text" value="1000"/>
e. Valorar ofertas temerarias por situación excepcional?	<input type="checkbox"/>
f. Introduza os nomes das empresas	<input type="text" value="EMPRESA CCC"/> <input type="button" value="Engadir"/>
	<input type="text" value="EMPRESA AAA"/> <input type="button" value="Borrar"/>
	<input type="text" value="EMPRESA BBB"/> <input type="button" value="Borrar"/>

No prezo de licitación pode introducir números decimais. Tanto a vírgula coma o punto son considerados separadores de decimais (é indiferente escribir "1234,56" ou "1234.56"). Os miles e os millóns non se poden separar con ningún símbolo.

Programa de Valoración da Redución de Prazos e das Ofertas Económicas en Contratos e Concursos

Paso 2: Datos da valoración técnica e, se procede, da redución de prazos

No segundo paso introduciranse os datos das valoracións técnicas efectuadas para cada empresa e, de ser o caso, a redución de prazos, **contada en días naturais**, para cada unha delas respecto do prazo estimado para a execución da obra. O cálculo das correspondentes puntuacións, en tal caso, realizarase segundo a fórmula aprobada pola Deputación da Coruña. Lembre que tanto a vírgula coma o punto son considerados separadores de decimais e que os miles e os millóns non se poden separar con ningún símbolo.

Nome Empresa	Puntuación da Valoración Técnica	Redución(en días naturais)	Puntuación Redución Prazos
EMPRESA AAA	<input type="text" value="10.0"/> puntos	<input type="text" value="100"/> días	<input type="text" value="3.7"/> puntos
EMPRESA BBB	<input type="text" value="5.0"/> puntos	<input type="text" value="300"/> días	<input type="text" value="8"/> puntos
EMPRESA CCC	<input type="text" value="7.0"/> puntos	<input type="text" value="200"/> días	<input type="text" value="6.4"/> puntos

Paso 3: Datos das Ofertas Económicas

No terceiro paso introduciranse os datos das ofertas nas correspondentes celas (tantas coma empresas definidas no primeiro paso). Estas ofertas deben ser inferiores ao prezo de licitación porque, en caso contrario, o programa advertirao e solicitará que as introduzamos de novo. É obrigatorio cubrir a contía de todas as ofertas xa que senón o sistema non permitirá seguir adiante. Se é necesario, pulse "Paso 1" para regresar á primeira pantalla e modificar as empresas, o prezo de licitación ou a puntuación máxima.

Nome Empresa	Oferta Económica
EMPRESA AAA	<input type="text" value="400000"/>
EMPRESA BBB	<input type="text" value="420000"/>
EMPRESA CCC	<input type="text" value="350000"/>

Lembre que tanto a vírgula coma o punto son considerados separadores de decimais e que os miles e os millóns non se poden separar con ningún símbolo.

Unha vez que se introduciron todas as ofertas, deberase premer o botón "Paso 4" e o programa calculará automaticamente as puntuacións correspondentes segundo a fórmula aprobada pola Deputación da Coruña. Pódese consultar premendo na icona "Fórmula [PDF]".

Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela - Ano 2010

Programa de Valoración da Redución de Prazos e das Ofertas Económicas en Contratos e Concursos

Paso 4: Resultados do Programa

Na táboa de resultados aparecen as valoracións das ofertas presentadas ao concurso, estando en cor verde as ofertas mellor valoradas e en cor vermella as ofertas temerarias. No caso de que a oferta mellor valorada sexa temeraria, por defecto, marcarase en cor vermella.

Cando se pasa o punteiro do rato por enriba das filas, estas resáltanse para permitir unha mellor lectura no caso de que haxa moitas ofertas presentadas.

Na parte superior da táboa aparecen catro botóns que permiten acceder directamente á primeira pantalla do programa, ao Paso 2 para a valoración técnica (e, segundo o caso, para a redución de prazos), á pantalla anterior para redefinir as ofertas presentadas e, finalmente, para recalcular os resultados da avaliación das empresas. Ademais, como se explica con máis detalle posteriormente, pódense gardar os datos nun ficheiro de datos excel que pode recuperarse en calquer intre.

Acompáñase un recordatorio do prezo de licitación e da puntuación máxima que facilita a comprensión dos resultados.

En todo caso, para facilitar a corrección de erros, cando se regresa a calquera das xanelas anteriores, os datos introducidos manteranse escritos, de xeito que só se precisará mudar os que estean errados.

Valoración de ofertas económicas no contrato/concurso				
OBRAS PLAN 2001 - CONCELLO DE ZZ				
Prezo de Licitación	Puntuación Máxima	Oferta Media	Oferta Media (excl. ofertas extremas)	Límite Oferta Temeraria
450.000,00 €	20 puntos	390.000,00 €	390.000,00 €	351.000,00 €

Nº Empresa	Nome Empresa	Oferta Económica	Baixa (%)	Puntuación Paso 2	Puntuación Valoración Económica	Temeraria	Excluídas da Media	Total
1	EMPRESA AAA	400.000,00	11,11	13,70	10,52	Non	Non	24,22
2	EMPRESA BBB	420.000,00	6,67	13,00	6,31	Non	Non	19,31
3	EMPRESA CCC	350.000,00	22,22	13,40	20,00	Si	Non	33,40

Imprimir

Na parte inferior da táboa aparece un botón que permite imprimir os resultados da avaliación das ofertas. Para que a impresión sexa correcta debe elixir unha configuración de páxina horizontal.

Convenio de Investigación da Deputación da Coruña co Departamento de Matemática Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela - Ano 2010

Programa de Valoración da Redución de Prazos e das Ofertas Económicas en Contratos e Concursos

Importar e recuperar datos

Nesta versión permítese recuperar os datos introducidos previamente en calquer paso do concurso. Para poder gardalos débese premer a icona "Exportar datos" e o programa xerará automaticamente un ficheiro en formato Excel (o nome estará predeterminado polo programa aínda que pode ser modificado polo usuario posteriormente). Esta tarefa pódese facer en calquera dos pasos descritos anteriormente e gardaranse todos os datos introducidos ata ese intre. Debe observarse que, para poder facer esta operación, deben estar introducidos os datos do primeiro paso (en particular, requírese que se definira algunha empresa) xa que senón dará lugar a un erro no programa cando se trate de recuperar os datos gardados. Da mesma forma, premendo "Examinar" deberá seleccionarse o ficheiro cos datos gardados e, despois, premendo na icona "Recuperar datos" cargaranse todos os datos.



The screenshot shows a software interface with a top row of buttons: "Exportar datos" (yellow), a greyed-out button, "Examinar..." (white), and "Recuperar datos" (yellow). Below this is a progress bar with four steps: "Paso 1", "Paso 2", "Paso 3", and "Paso 4". "Paso 4" is highlighted in yellow, indicating the current step.

* Investigadores:

Juan M. Viaño Rey – Catedrático de Matemática Aplicada - USC

José R. Fernández García – Profesor Titular de Matemática Aplicada - USC

Amaro Morales Lorenzo - Técnico Informático
